XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 17 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE solicitando a retirada da páxina web da Xunta de Galicia as referencias e noticias do acto do día 29 de decembro 2023 en relación á firma do convenio de colaboración "Abrir Ferrol ao Mar" entre o alcalde do Concello de Ferrol e o presidente da Xunta de Galicia, e a incoación do correspondente procedemento sancionador (RE 259/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 16 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE) presentou escrito de denuncia en relación á firma do convenio de colaboración "Abrir Ferrol ao Mar" entre o alcalde do Concello de Ferrol e o presidente da Xunta de Galicia.

   Baseando a pretensión nunha posible infracción dos artigos 50.2, 50.3 e 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) e da Instruccion 3/2011 da Xunta Electora Central.

2. O 17 de xaneiro de 2024, a Xunta Electoral de Galicia examina a denuncia presentada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Esta Xunta Electoral, examinada a denuncia presentada, considera que a súa formulación adoece de imprecisión por faltarlle a determinación dos suxeitos presuntamente responsables das irregularidades denunciadas, irregularidades que recolle ao longo do seu escrito, todas en relación coa sinatura do Convenio de colaboración "Abrir Ferrol ao mar", programación publica, noticias recollidas en diferentes medios de comunicación e web oficial da Xunta.

O escrito presentado polo representante xeral do PSdG-PSOE recolle no seu Solicito: "*Que admita a trámite a presente denuncia e na súa virtude proceda a adoptar as medidas legais oportunas fronte o autor de ditos feitos, consonte os artigos indicados ut supra, ou aqueles que correspondan*" polo que traslada a esta Xunta electoral a determinación do ou dos responsables dos feitos denunciados, polo que, sendo ao denunciante ao que lle corresponde identificar de forma clara a persoa ou persoas presuntamente responsable das infraccións denunciadas, de conformidade co disposto no

artigo 120 LOREX en concordancia coa lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia por falta de identificación dos denunciados.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 13:00 horas do próximo día 18 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal